



CONCELLO DE ARANGA

ANUNCIO: APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.

Por non presentarse reclamacións durante o período de información pública, elévase a definitivo o acordo municipal do día 30 de outubro de 2025, aprobando a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa polo servizo de recollida de lixo e residuos sólidos urbanos do concello de Aranga, que comenizará a súa aplicación o un de xaneiro de 2025, quedando, a partir desta data, derogada expresamente a ordenanza en vigor.

De conformidade co establecido no artigo 17.4 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, publícase o texto íntegro da Ordenanza:

ORDENANZA FISCAL N.º 6.- REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DO CONCELLO DE ARANGA.-

ARTIGO 1º.- Fundamento e réxime xurídico

1.- En uso das potestades conferidas pola Constitución Española, polo art. 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e de acordo co previsto no art. 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos municipais, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme ao disposto nos artigos 20 a 27 do R.D.L. 2/2004.

2.- No mesmo contexto, a Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, determina a necesidade de articular taxas ou prestacións de carácter público non tributario, que sexan diferenciadas e específicas para os servizos que deben prestar dentro da súa competencia.

ARTIGO 2º.- Feito imponible

1.- O feito imponible desta taxa vén determinado pola prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de residuos municipais no termo municipal de Aranga, así como o seu transporte aos centros tratamento/valorización e eliminación. A obriga de contribuír deriva da prestación do servizo público, que ao ter a condición xeral e obrigatoria, entenderase utilizado por todos os titulares, de vivendas, aloxamentos, recintos deportivos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas ou de servizos. Inclúense no

concepto de local os locais ou recintos, cubertos ou non, onde se exerzan actividades de todo xénero, mesmo a mera dirección ou xestión da actividade.

2.- A estes efectos, considéranse como residuos municipais os definidos no apartado av) do artigo 2 da citada Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, estando excluídos deste concepto os fluxos de residuos que non se atoparan comprendidos nesa definición coma os refugалlos de tipo industrial, entullos de obra, detritus humanos, refugалlos médicos, materiais contaminados ou contaminantes, corrosivos, perigosos ou aqueles que esixan na súa recolleita a adopción de especiais medidas de hixiene, profilácticas ou de seguridade, conforme ao que estableza a Ordenanza Municipal reguladora do servizo no termo municipal de Aranga.

3.- O servizo de recollida de lixo enténdese prestado en todo o termo municipal, sendo de recepción obrigada. A organización e funcionamento do servizo subordinarase ás normas que dite este Concello para a súa regulamentación.

4.- O concello poderá xirar liquidación a todo inmovible do termo municipal que teña á súa disposición o Servizo, con independencia de que o utilice ou non, dado que este é de recepción obrigada. A estes efectos todos os inmoables con subministro de auga potable e/ou electricidade recibirán o servizo de xeito obrigado, por entenderse en condicións de seren utilizados. O mero feito de non dispor de algún ou ningún dos servizos anteriores non implicará que se entenda como non prestado o servizo.

ARTIGO 3º.- Suxeitos pasivos

1.- Son suxeitos pasivos desta taxa, a título de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades sinaladas no artigo 35.4 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen calquera clase de inmovible, como vivenda ou local, ben sexa a título de propiedade, arrendamento, ou calquera outro dereito real ou de uso, mesmo en precario.

2.- Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario dos devanditos inmoables, que poderá repercutir as cotas sobre os usuarios ou beneficiarios do servizo.

3.- A liquidación nos supostos de locais de negocio ou de realización de actividades económicas ou asimiladas realizarase a nome do titular da alta no censo da actividade ou do titular da explotación da actividade, como contribuínte do tributo.

ARTIGO 4º.- Responsables

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, e a normativa que a desenvolve ou complementa.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º.- Beneficios fiscais

Non se recoñece ningún beneficio tributario, agás os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados Internacionais validamente ratificados polo Reino de España ou que estean expresamente contemplados en normas con rango de Lei.

ARTIGO 6º.- Devengo

1.- Devegarse a taxa e nace a obriga de contribuír desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria deste, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo nas rúas, barrios ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa.

2.- Establecido o funcionamento do referido servizo, as cotas devindicaranse o primeiro día de cada ano, excepto o ano de implantación, que se devindicará o primeiro día da prestación do servizo e a cota se prorrateará por mensualidades.

ARTIGO 7º.- Cotas tributarias

1.- A cota tributaria, que será anual, consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles.

2.- As cotas a aplicar serán as seguintes:

Por cada vivenda	65,00 €.
Por cada local comercial, profesional, Industrial, Cafés-bares e outro similares.....	130,00 €.
Outros non incluídos nos apartados anteriores:	130,00 €.

Estas cotas devengaranse dende que naza a obriga de contribuír, exixíndose por anos.

3.- Nos casos de locais que conteñan varios negocios distintos, establecerase unha cota para cada actividade.

ARTIGO 8º.- Reducións da cota tributaria

1.- Admitiranse coma corrección da taxa, vencellada á aplicación de determinadas prácticas que demostren un maior compromiso na xestión dos residuos. Todo isto tomando como referencia o disposto no artigo 11.4 da Lei 7/2022 sobre determinadas particularidades de aplicación das taxas.

Por acreditar unha xestión propia. No caso de locais ou establecementos que optaran por derivar a un xestor autorizado a recollida, transporte e tratamento da totalidade dos seus residuos comerciais e/ou asimilables a domésticos (non industriais), minorarase a súa cota. Dita diminución establecerase en función da porcentaxe e/ou volume deles que sexan destinados a este fin sobre o total producido, podendo acadar, como máximo, unha redución do 50% da taxa establecida.

Para isto, os produtores dos residuos das actividades económicas e comerciais deberán recompilar e entregar información acreditativa desta xestión, debendo constatar as cantidades recollidas e tratadas por esta vía.

Esta redución descontarase na cota do seguinte exercicio á emisión do informe xustificativo emitido polos servizos municipais.

ARTIGO 9º.- Declaración e ingreso.

1.- Todos os contribuíntes obrigados ao pago deste tributo, deberán presentar no prazo de trinta días hábiles seguintes á data en que se devindique por primeira vez a taxa, na Administración Municipal, declaración das vivendas ou locais afectos por esta taxa, mediante escrito dirixido ao Sr. Alcalde Presidente do Concello, e o ingreso simultáneo, facendo o ingreso da cota correspondente na Tesourería Municipal. Transcorrido o mencionado prazo, sen que se presente a declaración e simultáneo ingreso, a Administración, sen prexuízo das sancións que procedan, efectuará de oficio o alta na correspondente matrícula do tributo. Nos casos de novas altas de vivendas, locais ou inmoables afectos á presente Ordenanza, o procedemento de alta será o regulado neste parágrafo.

2.- Nos anos sucesivos o pago da taxa acreditarase mediante declaración-liquidación ou recibo, debidamente validado pola Entidade recadadora.

ARTIGO 10º.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 7 e seguintes da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Disposición final

Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, unha vez transcorridos os prazos debidos dende a aprobación definitiva do seu texto íntegro, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Aranga, 18 de decembro de 2025

O alcalde

Asdo.Alberto Platas Álvarez

CIF. P1500300G

Praza Mestre Mosquera n.º 1 15317 ARANGA (A Coruña)

Teléfono 981 793 551

Fax 981 793 581

correo@aranga.gal

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)